

A ANDAINA DO GRUPO ÁLVARE E O SEU SISTEMA DE CALIDADE EN PRODUCCIÓN DE LEITE PIONEIRO EN GALICIA



Foto de familia dos integrantes do Grupo de Álvarez nunha das súas saídas formativas

A Asociación de Produtores de Leite Grupo Álvarez é un proxecto empresarial innovador no sector. Naceu na Terra Chá en 2007 e dende 2010 ten recoñecida oficialmente a marca Álvarez Calidade como certificado dun sistema de xestión que abrangue o proceso de produción de leite e o propio produto. Hoxe, os seus piares seguen sendo a formación continua e a busca de áreas de mellora.

» A Asociación de Produtores de Leite Grupo Álvarez orde no ano 2007 coa idea de manter a calidade de traballo nas explotacións, acadar seguridade no seu produto e dar un paso máis na visión comercial dende a produción primaria de leite.

A especulación dos mercados estase cebando neste sector que cada vez ten que afinar máis para, paradoxalmente, ter menor marxe. Consciente desta realidade económica, este Grupo decide centrarse na xestión das explotacións, xa que mellorando a forma de traballar aumentan os beneficios e diminúen as perdas.

M^a Matilde Hernández Solís
Veterinaria
SERVEPO S.L.P.

A proposta inicial, que xa explicamos nun número desta revista no ano 2008, ten a mesma estrutura que a actual: un sistema que instaura protocolos e rutinas e se somete á pequena presión dunhas auditorías periódicas, o que se traduce nunha maior eficiencia produtiva. Créase así a marca Álvarez Calidade (AQ) coma o certificado dun sistema de xestión que contempla unhas características de produto e de proceso propias.

Abaixo e á dereita, visita a Xenética Fontao e a unha explotación de León con sistema de calidade. A asociación considera importante intercambiar ideas e coidar a relación en distintos ámbitos con empresas do sector e con outros grupos gandeiros



Para os socios de Álvaro Calidade, este proxecto supuxo unha innovación empresarial: 14 produtores unidos para vender o seu leite en conxunto adiantáronse ás esixencias da industria e convertéronse no primeiro e único grupo de gandeiros produtores de leite de Galicia cunha marca de calidade con certificación externa.

A repercusión social foi grande e houbo moita expectación de entrada e o receo inicial do propio sector, pero cinco anos despois moitas explotacións entraron en sistemas parecidos e outras están planeando facelo. De feito, AQ recibiu visitas de numerosas agrupacións e de particulares para coñecer o sistema de cerca. A asociación considera importante intercambiar ideas e coidar a relación en distintos ámbitos con empresas do sector e con outros grupos gandeiros.

Dende o 2010, a certificación AQ é recoñecida polo Ministerio. Ese mesmo ano, o sistema Álvaro Calidade obtivo un premio á Innovación no Sector Lácteo Español en Expoaviga Forum, en Barcelona. Foi unha merecida mención para todos os socios.

A REPERCUSIÓN SOCIAL FOI GRANDE E HOUBO MOITA EXPECTACIÓN DE ENTRADA E O RECEO INICIAL DO PROPIO SECTOR, PERO CINCO ANOS DESPOIS MOITAS EXPLOTACIÓNS ENTRARON EN SISTEMAS PARECIDOS E OUTRAS ESTÁN PLANEANDO FACELO



AQ recibe visitas de numerosas agrupacións e particulares para coñecer o sistema de cerca, coma esta de Agros Portugal

AS CLAVES DO SISTEMA

O maior risco asumido cando se instaurou este sistema de xestión da calidade foi transformar o gasto en investimento. Hoxe sabemos a aplicabilidade económica que ten porque se fan melloras notables nas infraestruturas e unha permanente posta a punto de equipos, hábitos e manexo, e incídese en boas prácticas medioambientais tanto en xestión de residuos coma na mellora de imaxe da explotación. Véndese un produto seguro, o que facilita a relación coa industria e permite un posicionamento no mercado, así como outras posibilidades comerciais para ese leite cun valor engadido. Coa mellor materia prima, mellor transformación.

Non obstante, a clave económica do seu sistema está na formación continua e no convencemento de todos os asociados de que a eficiencia no seu traballo fai o seu produto máis vendible e rendible, achegándose a unha diferenciación e a un valor engadido do seu leite independentemente do momento que atravesese o sector. Este proxecto baséase sempre na continua busca de áreas de mellora.

Álvare Calidade foi o primeiro sistema de calidade en produción de leite en Galicia con certificación externa, pero non en España, onde xa había sistemas como AQ, con entrega conxunta da produción, en Cataluña e Castela e León. O noso contexto é especial polo menor tamaño das explotacións, a menor cota e a escasa mentalidade empresarial e asociativa, que afortunadamente se vai superando en proxectos coma este e outros moitos.

Cremos que hai unha desconexión entre a administración, coa súa política de axudas para os sistemas de calidade, e os sistemas de xestión de calidade que realmente funcionan a pé de granxa. Desexamos pensar que é mala información e non intencionalidade política, porque sentimos que non recibimos o recoñecemento do que somos merecedores. Dende a experiencia de cinco anos, non é difícil comprender que proxectos en materia de calidade de leite teñen viabilidade empresarial e cales son meras trabas burocráticas recaudatorias de subvencións.

O comité de calidade integrado por todos os produtores de Grupo Álvaro seguirá apostando pola formación e o asesoramento, piar sólido da súa economía e, por tanto, dunha digna supervivencia e dun progreso no sector do leite. ●